

CONSULTA PÚBLICA PREVIA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA ORDENANZA DENOMINADA: Ordenanza municipal do Concello de Narón sobre a protección e tenencia de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos.

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciárase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma:

Ordenanza municipal do Concello de Narón sobre a protección e tenencia de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos.

Coa súa promulgación preténdese adaptar a ordenanza municipal actualmente en vigor á aprobación da recente normativa autonómica en materia de benestar animal, a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.

Resulta oportuno e necesario contar con esta regulación en aras a ofrecer unha maior seguridade xurídica na aplicación de normas e clarificar o novo marco competencial establecido pola normativa autonómica.

Son obxectivos da disposición velar pola protección, benestar, posesión e tenencia responsable dos animais de compañía, de acordo coa atribución competencial que establece a normativa autonómica e que atribúe ás persoas titulares das alcaldías a responsabilidade superior na defensa e protección destes animais, así como harmonizar a tenencia dos animais coa convivencia social pacífica e segura, facendo especial referencia á regulación da tenencia de animais potencialmente perigosos contemplada no marco da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o

régime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos e as súas normas de desenvolvemento, así como o Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos; estimándose a aprobación desta norma como unha apta e imprescindible solución regulatoria para acadar os obxectivos previstos desde a óptica da menor intervención na esfera dos dereitos dos cidadáns, destinatarios últimos do actuar desta administración.